


CAMPIONATO OPEN AUSTRALIANAS E BANDEIRAS

LUGAR do EVENTO

PISCINAS MUNICIPAIS de A Estrada (Pontevedra)



<https://goo.gl/maps/GhV2HF2ihpD3T4Sj>



SERVICIOS DA INSTALACIÓN:

O evento será nas instalacións da piscina municipal da Estrada con espazos delimitados de zona de baño e area para as competicións e o resto de zona verde e campo para a ubicación dos deportistas e publico.

A instalación conta con VESTIARIOS masculino e feminino, e acceso directo e gratuito para o público asistente, ademais dunha enfermería totalmente equipada con suficiente material sanitario e ambulancia disponible en caso necesario.

Contamos con servicio de CANTINA e venta de bocadillos.

Evento ambientado con música durante todo o día e un ESPECIAL FIN DE EVENTO con DJ, despois da entrega de premios de bandeiras.

1. INSCRIPCIÓN

Na web: www.emesports.es

O prazo de inscrición remata ás 23:59h do 4 de setembro:

-Prezo de inscrición AUSTRALIANAS: **6€**

-Prezo BANDEIRAS: **6€**

-Prezo **australianas + bandeiras**: **9€**

- Cerrado o prazo de inscrición, asignaráselle un DORSAL a cada participante de cada proba e confeccionaráselle as SERIES de participación. Esta información será comunicada días antes da proba en www.emesports.es e/ou por WhatsApp no Tlfno 687394656.

O dorsal debe levarse escrito na man ou hombro dereito de forma visible e indicará en qué serie participa

2. CATEGORÍAS

SUB-13: Nados en 2013, 2014, 2015 e 2016.

SUB-16: nados en 2010, 2011 e 2012.

ABSOLUTA: Dende o ano 2009.

3. HORARIOS

AUSTRALIANAS

Recepción a partir das 10:00h.

De 10:30h a 13.45 competición.

14.00h **ENTREGA DE PREMIOS**

Lanzaranse as series masculino e feminino de forma intercalada.

- SERIES CLASIFICATORIAS: de 10:30 a 11.45.

- SEMIFINAIS: DE 12.00 A 12:45.

- FINAIS: de 13:00 a 13:30

O TIMING DE CADA SERIE SERÁ PUBLICADO UNHA VEZ FINALICE O PERIODO DE INSCRIPCIÓN.

BANDEIRAS

Recepción a partir das 15:00.

De 15:15h a 19:00h competición

20:30h **ENTREGA DE PREMIOS**

Realizaranse en dous campos, habendo un campo masculino e un feminino.

- Clasificatorias: de 15.15 a 17.15.

- Semifinais: de 17.30 a 18.30

- Finais: de 18.30 a 19.30.

Na categoría absoluta e SUB-16:

Os horarios dependen do número de inscricións rexistradas: Limitarase a inscrición a 8 series por proba, que estarán formadas por un total de entre 14 e 20 deportistas por categoría e xénero, con posibilidade de reducir as últimas no caso de que non sexan necesarias.

Tanto en bandeiras como nas australianas, as clasificatorias estarán compostas entre 14 e 20 participantes; as semifinais serán 2 en ambas probas, con 16 deportistas por serie. As finais, estarán formadas por 16 deportistas.

Na categoría SUB-13:

Limitarase a 3series de entre 16 e 20 persoas en cada unha, con posibilidade de facer 2 series mais se fose necesario.

Organización previa:

O horario de comenzo das series será moi estricto, aquel deportista que non esté á hora na cámara de saída será descalificado da proba. Teremos a disposición dos deportistas un tablón de anuncios donde se publicarán os dorsais, as series de saída e os horarios.

Os horarios están organizados en función da participación da edición anterior; estes poden variar dependendo da lista de inscritos, aínda que serán publicados unha semana antes da execución do evento.

4. PREMIOS:

AUSTRALIANAS:

Categorías sub-13 + sub-16:

- **1º CLASIFICAD@** MASCULINO E FEMININO: medalla + agasallo.
- **2º CLASIFICAD@** MASCULINO E FEMININO: medalla + agasallo.
- **3º CLASIFICAD@** MASCULINO E FEMININO: medalla + agasallo.

Categoría Absoluta:

- **1º CLASIFICAD@** MASCULINO E FEMININO: 150 PUNTOS -> **150€**
- **2º CLASIFICAD@** MASCULINO E FEMININO: 90 PUNTOS -> **90€**
- **3º CLASIFICAD@** MASCULINO E FEMININO: 60 PUNTOS -> **60€**
- **4º CLASIFICAD@** MASCULINO E FEMININO: agasallo

BANDEIRAS:

Categorías sub-13 + sub-16:

- **1º CLASIFICAD@** MASCULINO E FEMININO: medalla + agasallo.
- **2º CLASIFICAD@** MASCULINO E FEMININO: medalla + agasallo.
- **3º CLASIFICAD@** MASCULINO E FEMININO: medalla + agasallo.

Categoría Absoluta:

- **1º CLASIFICAD@** MASCULINO E FEMININO: 150 PUNTOS -> **150€**
- **2º CLASIFICAD@** MASCULINO E FEMININO: 90 PUNTOS -> **90€**
- **3º CLASIFICAD@** MASCULINO E FEMININO: 60 PUNTOS -> **60€**
- **4º CLASIFICAD@** MASCULINO E FEMININO: agasallo

TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Club Natación e Salvamento A Estrada, organizador, cumple coas directrices da Directiva 2000/31/CE e o Regulamento General de Protección de Datos (UE) 2016/679.

En nome do Club Natación y Salvamento A Estrada tratamos a información que nos facilita co fin de prestarlles o servicio solicitado e realizar a facturación do mesmo. Os datos proporcionados conservaránse mentras se manteña a relación comercial ou durante os anos necesarios para cumprir coas obrigacións legais. Os datos non se cederán a terceiros salvo nos casos en que exista unha obrigación legal. Vostede ten dereito a obter confirmación sobre si estamos tratando os seus datos persoais, a acceder ós seus datos persoais, rectificarlos datos inexactos ou solicitar a súa supresión cando os datos xa no sexan necesarios. Poderá exercer o seu dereito de acceso, rectificación e cancelación a través do correo electrónico: cnsaestrada@gmail.com

Coa aceptación do reglamento vostede está permitindo a publicación dos seus datos (nome e apelidos) nos listados previos e nas clasificación finais do mesmo.

DESCARGO DE RESPONSABILIDADE E DECLARACIÓN DE APTITUDE FÍSICA

A inscrición á proba implica á aceptación das normas e a adecuada preparación física do participante, e que é consciente da dureza da mesma e das condicións meteorolóxicas que se poden encontrar no entorno donde se disputa a proba. En este sentido, o participante exime á organización dos posibles problemas de saúde derivados da súa participación nesta proba.

Os participantes inscritos na proba entenden que participan voluntariamente e baixo a súa propia responsabilidade na competición e polo tanto, exoneran de toda responsabilidade á organización da proba e conveñen en non denunciar á entidade organizadora, colaboradores, patrocinadores e outros participantes, así como tampoco iniciar ningunha reclamación de responsabilidade civil ás citadas partes.